asociación de ayuda a familias de drogodependientes

MEMORIA

2015

C/Rosalía de Castro, 13, 1º D. 15004. A Coruña. Tlfno. 981226926. www.adafad.org

INDICE

	Páx.
1. Xunta Directiva.....	3
2. A nosa tarefa, noso punto de vista, nosos criterios e o noso proxecto	4
3. Equipo de traballo	8
4. Área de Información	11
5. Área de Atención Psicosocial a Familias	12
5.1.Intervencións	13
5.2. Perfil das persoas atendidas.....	
6. Área Preventiva	15
6.1. Ámbito Familiar.....	15
6.2. Ámbito Escolar.....	21
6.2.1 Educación Primaria.....	21
6.2.2 Educación Secundaria e Ciclos Formativos	22
6.3. Ámbito xuvenil.....	28
7. Área de Xestión de Conflitos	30
7.1. Ámbito Familiar.....	30
7.2. Ámbito Escolar.....	30
7.2.1. Educación Secundaria e Ciclos Formativos	30
8. Gráficos	34
9. Área de Formación e Investigación	36
10. Área de Relacións Externas.....	39
11. Colaboracións ……..	39

1. XUNTA DIRECTIVA

Presidenta:

Emilia Gómez Rodríguez

Vicepresidenta

Mirian Pérez Fernández

Tesoureira:

Dolores Fernández Gómez

Secretario:

Emilio Fernández Gómez

Vogais:

Faustino Fernández Gómez

Julio Fresco Martínez

María Luz Ugarte Fernández

Con data 6 de xullo de 2015 procédese a unha renovación de cargos na Xunta Directiva quedando constituída como segue:

Presidenta:

Miriam Pérez Fernández

Tesorera:

Dolores Fernández Gómez

Secretario:

Emilio Fernández Gómez

Vocales:

Faustino Fernández Gómez

Julio Fresco Martínez

María Luz Ugarte Fernández

Non se devengou ningunha cantidade en concepto de dietas ou remuneracións de calquera clase durante o ano 2015 aos membros do órgano de goberno da entidade. A 31 de Decembro de 2015 a asociación conta con 6 socios e 47 colaboradores.

2. A NOSA TAREFA, NOSO PUNTO DE VISTA, NOSOS CRITERIOS

ADAFAD é a Asociación de Axuda a Familias de Drogodependentes, sen ánimo de lucro, non confesional e independente de toda filiación política. O seu financiamento é mixto, contando con aportacións privadas así como ca colaboración de numerosos organismos públicos. Foi declarada de Utilidade pública por Orden del Ministerio del Interior o 4 de Abril de 2006, Orden INT/1395/2006, de 4 de Abril, BOE nº 112 de 11 de Maio de 2006.

ADAFAD, está incluída no Rexistro de Centros, Servizos y Establecementos Sanitarios de Galicia, así como no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e no Rexistro de Entidades colaboradoras do Plan de Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia.

ADAFAD, nace na primavera de 1996 dunha experiencia persoal, pola que se puido comprobar a utilidade e a necesidade de contar ca colaboración de profesionais no abordaxe e tratamento de certos problemas que cada vez xorden con máis frecuencia no seo das familias.

Algúns conflitos que aparecen nas familias sobrepasan o coñecemento e o afecto, xerando un excesivo malestar, e a miúdo xorden actitudes e comportamentos que motivados pola angustia e a desinformación contribúen, a pesar das boas intencións, a manter e incluso a incrementar o conflito, levando máis angustia e sufrimento.

NOSA TAREFA

O propósito da Asociación ADAFAD é axudar as familias que se atopen en situación de conflito, sumando esforzos con outras institucións, entidades e servizos tanto públicos como privados.

O traballo cas familias pronto nos mostrou a conveniencia de orientar tamén a nosa tarefa ao ámbito da prevención. De este modo no ano 1998 a Asociación ADAFAD amplía o seu labor, e comeza a traballar con xuventude, pais, nais e comunidade.

A nosa principal prioridade é atender a cada persoa, a cada familia, a cada situación tomando en conta a súa particularidade.

NOSO PUNTO DE VISTA

A familia evoluciona dependendo do momento histórico, cultural e social que lle toca vivir e representa a primeira realidade que o ser humano coñece sendo a primeira e principal transmisora de valores.

Os conflitos forman parte ineludible das relacións humanas e están presentes en maior ou menor medida en tódolos ámbitos, afectando á vida das persoas; na familia, na escola e a comunidade en xeral. Os conflitos poden ser unha oportunidade ou un risco. A miúdo, a diversidade de valores, crenzas e culturas do ser humano xeran conflitos que poden contribuír ao desenvolvemento tanto persoal como social si se utilizan as ferramentas adecuadas.

A Asociación ADAFAD ten unha estrutura áxil e moi profesionalizada na que se valoran a formación continua, a iniciativa e as aportacións de cada un dos membros do equipo, sempre dispostos a cuestionarse a forma de pensar e de actuar para responder mellor ás necesidades de persoas e familias.

O método de traballo fundaméntase na atención á particularidade subxectiva, ao caso concreto, entendendo que é neste ámbito onde a Asociación pode xerar solucións.

A Asociación e cada un dos profesionais que a integran están atentos á complexidade, aos continuos cambios da sociedade e aos avances en tódalas disciplinas implicadas no noso ámbito de traballo. De este modo a calidade e a mellora continua da Asociación é un compromiso de tódolos seus membros.

A Asociación ADAFAD e cada unha das persoas que a integran manteñen continuo contacto e cooperación con outras entidades e axentes sociais como instrumento de participación cidadá. Así mesmo tamén favorécese e vehicúlase a implicación daquelas persoas que foron atendidas na Asociación e poden transmitir a outros a súa experiencia.

NOSOS CRITERIOS

Os principais valores que sosteñen o traballo do Equipo de profesionais de ADAFAD son os seguintes:

- Atención á particularidade subxectiva dos usuarios: O traballo que se realiza na Asociación respecta, e ten como obxecto da intervención, en cada persoa e en cada familia, o máis propio e particular implicado no conflito que sofren.
- Gratuidade la atención a familias e mozos e mozas: este traballo de atención a familias e mozos e mozas que os profesionais de ADAFAD levan a cabo non está supeditado a que aqueles paguen cantidade algunha polos servizos prestados.
- Segredo profesional: os profesionais que traballan na Asociación cumpren escrupulosamente os códigos deontolóxicos das respectivas profesións e moi especialmente o deber de secreto profesional.
- Especialidade e experiencia: todo o traballo que ADAFAD desenvolve con familias e mozos e mozas é realizado por profesionais debidamente titulados, cas especialidades que corresponden, e cunha dilatada traxectoria profesional.
- Formación continua: tódolos profesionais que integran o equipo de traballo de ADAFAD manteñen o compromiso de permanecer atentos aos cambios da realidade social e actualizar permanentemente os seus coñecementos científicos.
- Interdisciplinariedade e traballo en equipo: os profesionais do equipo de traballo cooperan mutuamente, e tamén con outras organizacións e servizos da comunidade. Así mesmo atendese gratuitamente tódalas demandas de consello e interconsulta que se nos solicitan.
- Equidade: a asociación e tódolos seus membros consideran imprescindible que toda actuación se leve a cabo sen ningún tipo de discriminación respectando a Declaración Universal de Derechos Humanos proclamada pola Asamblea General da ONU. Si algunha das necesidades non pode ser atendida polos profesionais que en ela traballan búscase o servizo máis adecuado no entorno máis próximo para proceder a súa derivación.
- Eficiencia: a Asociación e os membros do equipo de traballo moi especialmente, están comprometidos activamente ca distribución racional dos recursos.

NOSO PROXECTO

O proxecto de ADAFAD é colaborar cas familias e para iso desenvolve a súa actuación nas seguintes áreas:

- Información
- Atención psicosocial a familias
- Prevención
- Investigación e Formación

3. EQUIPO DE TRABALLO

Presidenta

Emilia Gómez Rodríguez

Equipo Técnico:

Directora

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica.

Subdirectora

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Atención psicosocial a Familias

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora social. Coordinadora

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Desenvolvemento

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinador

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Prevención

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.Coordinadora

Cristina Babío Boquete. Educadora social

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

María Chavert García. Psicóloga

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Ana Gómez Abelleira. Psicopedagoga

Zaida González Tohux. Educadora social

Alba Lopez-Leitón Veiga. Psicóloga

Cristina Novoa Fernández. Educadora social

Iria Vázquez Losada. Psicóloga

Área de Secretaría técnica e administración

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga.

Con fecha 6 de xullo de 2015 procédese á renovación de cargos en la Dirección quedando constituída como segue:

Presidenta

Miriam Pérez Fernández

Equipo Técnico:

Directora

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Atención psicosocial a Familias

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora Social. Coordinadora

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Desenvolvemento

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica. Coordinador

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Formación

Alicia Arce González. Psicoanalista y Psicóloga especialista en Psicoloxía Clínica

Manuel Araujo Gallego. Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Julia Mª García Rodríguez. Traballadora social.

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Área de Prevención

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Cristina Babío Boquete. Educadora social

María Chavert García. Psicóloga

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

Ana Gómez Abelleira. Psicopedagoga

Zaida González Tohux. Educadora social

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Alba Lopez-Leitón Veiga. Psicóloga

Cristina Novoa Fernández. Educadora social

Iria Vázquez Losada. Psicóloga

Área de Secretaría técnica y administración

Mª José Lamas Dopico. Psicóloga Xeneral Sanitaria. Coordinadora.

Montserrat Cerviño Cotelo. Psicóloga Xeneral Sanitaria.

Carmen Fernández Barro. Pedagoga

4. ÁREA DE INFORMACION

Dirixida a todas aquelas persoas que soliciten información. Transmítense coñecementos sobre aspectos relacionados ca Educación para a Saúde, o consumo de sustancias e outros comportamentos prexudiciais, como o mal uso de internet e as novas tecnoloxías, así como a solución de conflitos que pode resultar necesario e útil coñecer.

Especificamente tamén se aborda:

- O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e factores de protección.
- A prevención e identificación no ámbito familiar de posibles condutas de risco.
- As transformacións que os hábitos de vida pouco saudables producen na personalidade e na conduta das persoas.
- Os pasos necesarios a seguir para que unha persoa con problemas de consumo de sustancias chegue a solicitar tratamento.
- Os recursos públicos onde acudir.

5. ÁREA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL A FAMILIAS

A continuación recóllense as accións realizadas no área de atención a familias:

5.1. INTERVENCIÓNS

As intervencións diríxense a os membros da familia prestándolles atención tanto de forma individual como grupal. Trabállanse, entre outras, as cuestións seguintes:

- O malestar xerado por un conflito dentro da familia.
- A angustia persoal dos membros da familia.
- As actitudes e comportamentos dos familiares co fin de identificar os adecuados.
- O manexo dos momentos conflitivos.
- O consumo de drogas.
- O uso prexudicial e abusivo de internet e as novas tecnoloxías.

O número total de *familias* atendidas dende el inicio das actividades de ADAFAD en xuño do ano 1996, ata o 31 de decembro de 2015 é de 1.687, cun número total de intervencións de familias (entre as individuais, familiares e as de grupo) de 14.792.

No 2015 atendéronse un total de 236 familias, 85 delas acudiron por primeira vez en este año, 151 xa comezaran en anos anteriores. Realizáronse un total de 897 citas de familias, sendo 195 de carácter familiar y 702 de carácter individual.

As familias son remitidas á Asociación desde diferentes entidades sanitarias e sociais, tanto públicas como privadas: Unidades asistenciais de drogodependenzas, Centros escolares, Concellos ou Centros de saúde, entre outros.

A actividade asistencial no 2015 desenvolveuse maioritariamente con familias do área metropolitana da Coruña (Concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada); aínda que tamén se atenderon familias procedentes de municipios máis alonxados, como Abegondo, Bergondo, Betanzos, Ferrol, Meis, Mesía, Monforte de Lemos, Santiago de Compostela…

5.2. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS

O perfil das persoas atendidas no Programa de Atención a Familias é o seguinte:

Sexo: dúas de cada tres persoas que acoden son mulleres.
Idade: a media de idade das persoas atendidas sitúase en 52,4 anos (dt=11,3; mediana=51). Nos últimos catro anos obsérvase unha tendencia bastante estable en dita media, inda que considerando o período dende 2007 obsérvase unha certa tendencia á alza.
Estado civil: seis de cada dez están casadas, se ben existe a tendencia interanual dende 2007 a diminuír a súa proporción e aumentar a de divorciadas e viúvas.
Nivel de estudos: Bacharelato (22,0%), universitarios superiores (15,6%), ESO (14,7%), FP superior (14,7%) e primaria completa (13,8%) son os niveis máis frecuentes. A tendencia interanual apunta a un paulatino incremento no nivel formativo, incluido o universitario.
Profesión: ao longo dos últimos anos obsérvase un incremento na porcentaxe de parados con traballo anterior entre 2007 (5,2%) e 2012 (11,2%) para diminuír posteriormente en 2013 (10,7%), 2014 (8,9%) e 2015 (7,3%). Unha tendencia similar obsérvase na cifra de xubilados, que neste último ano alcanza a cifra do 19,3%. Os traballadores do sector servizos presentan a cifra máis alta (32,1%), seguidos dos funcionarios (13,8%), situación similar á de anos precedentes.
Medio de convivencia: 9 de cada dez persoas atendidas viven só con familiares, fundamentalmente fillos e parella, por esta orde. A persoa pola que se acude a consulta é maioritariamente polos fillos (82,6%) e, a moita distancia, pola parella (6,4%); esta situación manténse estable ao longo dos anos.
Motivo principal da demanda: o 52,3% acoden por un problema relacionado co consumo de drogas, fundamentalmente cánnabis, cocaína e alcohol. A heroína foi decrecendo ao longo da serie histórica (2007-2014), ocupando o alcohol nos últimos tres anos o terceiro lugar que viña ostentando aquela. Non obstante en 2015 obsérvase un repunte na heroína, que retoma valores do 2012. O 43,1% fano por problemas de convivencia, sobre todo por déficits da relación e conflictos relacionados coas normas.
Motivos secundarios da demanda: os problemas de convivencia son os máis frecuentes. Na serie histórica obsérvase unha evolución invertida entre ditos problemas e os relacionados co consumo de drogas. Ata 2012 os primeiros ían en ascenso mentras os segundos decrecían, pero dende 2013 vemos a tendencia contraria: diminúen os primeiros e aumentan os segundos.
Idade da persoa pola que se acode: a idade media da persoa que motiva a consulta sitúase nos 27 anos (dt=12,4; mediana=23). Na serie histórica a media tende a incrementarse, observando que esta situación se relaciona cun aumento no rango dos valores etarios (existe unha maior diferenza entre os valores mínimos e máximos da idade da persoa pola que se acude a consulta).

Consultas anteriores: a maior parte das familias atendidas (44%) nunca consultaran anteriormente polo mismo motivo da demanda; unha proporción menor (33,9%) xa o fixera noutro servizo nunha ocasión; esta situación mantense invariable dende 2007.

Días de espera para ser atendido: a media observada son 11,9 días naturais (dt=7,6; mediana=10). Ao longo da serie histórica estes parámetros fóronse reducindo de forma evidente, o que demostra unha maior eficiencia na xestión da atención que ADAFAD provee ás familias.

6. ÁREA PREVENTIVA

A continuación recóllense os programas que se desenvolven neste ano según o ámbito de actuación.

6.1. ÁMBITO FAMILIAR.

6.1.1. Xornadas de sensibilización

Esta labor desenvolvese co obxectivo de colaborar cas familias, sensibilizando e informando da importancia do seu papel no desenvolvemento dos seus fillos e fillas, así como da súa función de prevención do consumo de drogas e outros comportamentos de risco.

Relación de actividades de prevención universal desenvolvidas no ano 2015:

"Cómo protexer aos nosos menores na rede"

Concello de A Coruña

CEIP Anxo da Garda

Participan 21 persoas

CEIP Concepción Arenal

Participan 13 persoas

CEIP Sagrada Familia

Participan 3 persoas

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Participan 15 persoas

Neste programa participaron 52 persoas ao longo do ano 2015

"Nais e pais: facendo crecer"

Concello de A Coruña

APA Jesuitinas

Participan 22 persoas.

Centro Cívico Eirís

Participan 7 persoas

Centro Cívico Palavea

Participan 5 persoas

Neste programa participaron 34 persoas ao longo do ano 2015

“Nais e país: construíndo”

Concello de Culleredo

Servizos Sociais do Concello de Culleredo

Participan 2 persoas

Neste programa participaron 2 persoas ao longo do ano 2015

“Todo barco ten o seu capitán”

Concello de A Coruña

APA Jesuitinas

Participan 15 persoas

Centro Cívico Ciudad Vieja

Participan 11 persoas

Neste programa participaron 26 persoas ao longo do ano 2015

“O primeiro ano: un ano para toda a vida”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Mesoiro

Participan 2 persoas

Neste programa participaron 2 persoas ao longo do ano 2015

“Por onde comezamos?: os hábitos”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Artesanos

Participan 3 persoas

Centro Cívico Castrillón

Participan 7 persoas

Centro Cívico San Diego

Participan 10 persoas

Neste programa participaron 20 persoas ao longo do ano 2015

“Os contos contan a vida”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Labañou

Participan 5 persoas

Neste programa participaron 5 persoas ao longo do ano 2015

“Xogar para ser”

Concello de Cambre

Concello de Cambre

Participan 5 persoas

Neste programa participaron 5 persoas ao longo do ano 2015

“Para educar fai falla valor”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Mesoiro

Participa 1 persoa

Neste programa participou 1 persoa ao longo do ano 2015

“A importancia de saber dicir “non” sen enfadarse”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Artesanos

Participan 14 persoas

Centro Cívico Labañou

Participan 10 persoas

Centro Cívico Los Mallos

Participan 16 persoas

Centro Cívico San Diego

Participan 7 persoas

Neste programa participaron 47 persoas ao longo do ano 2015

“Esforzo: como e a través de que”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Monelos

Participan 10 persoas

Centro Cívico Monte Alto

Participan 6 persoas

Neste programa participaron 16 persoas ao longo do ano 2015

“Como afrontar os conflitos, incluso cómo non xeralos”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Labañou

Participan 6 persoas

Centro Cívico Monelos

Participan 14 persoas

Centro Cívico Monte Alto

Participan 11 persoas

Neste programa participaron 31 persoas ao longo do ano 2015

“Rivalidade: envexa e celos”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Los Mallos

Participan 6 persoas

Neste programa participaron 6 persoas ao longo do ano 2015

“Quen o rompe? Quen o paga?”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Palavea

Participan 6 persoas

Neste programa participaron 6 persoas ao longo do ano 2015

“Duelos, cambios, despedidas”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Novoboandanza

Participan 10 persoas

Neste programa participaron 10 persoas ao longo do ano 2015

“Familia e prevención”

Concello de A Coruña

Centro Cívico Castrillón

Participan 3 persoas

Concello de Cambre

Concello de Cambre

Participan 3 persoas

Neste programa participaron 6 persoas ao longo do ano 2015

"Hábitos saudables e prevención de adicciónS"

Concello de Culleredo

Servizos Sociais do Concello de Culleredo

Participan 24 persoas

Neste programa participaron 24 persoas ao longo do ano 2015

En total nas xornadas de sensibilización universal participaron 293 persoas ao longo do ano 2015

6.1.2. "En Familia todos contan"

O programa é eminentemente práctico e dinámico, dirixido a pais e nais. Desenvólvese ao longo de cinco sesións de grupo dirixidas por unha mediadora co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das habilidades e recursos necesarios para afrontar a tarefa que como pais e nais teñen na educación dos seus fillos e fillas e ampliar as súas redes de soporte social.

Os módulos que o compoñen son:

Módulo I: Todo barco ten o seu capitán

- Responsabilidade-autoridade
- Meu fillo e filla crece e... algo ocorre!: ollo, hai chanzos!
- Saber falar - Saber escoitar
- Conflitos: de que falamos? como actuar ante...?

Módulo II: Participando na Comunidade: vínculos

Relación de talleres de prevención selectiva desenvolvidos no ano 2015:

Concello de A *Coruña*

Centro Xuvenil Abeiro – Proxecto A quinta pata

Participan 8 persoas

Residencia El Buen Pastor

Participan 20 persoas

Residencia San José

Participan 4 personas

Nas actividades do programa de prevención selectiva participaron 32 persoas ao longo do ano 2015

6.2. ÁMBITO ESCOLAR

6.2.1. Educación Primaria

6.2.1.1. "A rede e as súas redes"

Neste programa se traballa ao longo de catro sesións de traballo dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa 5º e 6º curso de Educación Primaria.

O obxectivo é promover a toma de conciencia por parte do alumnado dos riscos asociados ao uso de internet e que adquiran as destrezas necesarias para reducir o risco do uso que fan de Internet.

Os módulos que o compoñen son:

Módulo I: Que sabemos da rede?

- Que fan as redes sociais cos nosos datos?
- Lei e responsabilidade en Internet: qué significa ser menor de idade?
- A quen crees máis, a "Google" ou aos teus pais?

Módulo II: Empezou como unha broma …

- Cando me teño que preocupar?
- A quen llo digo?

Módulo III: Off line – on line

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015:

Concello de A Coruña

CEIP Anxo da Garda

Participan 47 alumnos e alumnas que cursan 5º y 6º Educación Primaria

CEIP Concepción Arenal

Participan 97 alumnos e alumnas que cursan 5º y 6º Educación Primaria

CEIP Sagrada Familia

Participan 63 alumnos e alumnas que cursan 5º y 6º Educación Primaria

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Participan 93 alumnos e alumnas que cursan 5º y 6º Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 300 ao longo do ano 2015

6.2.1.2. “Saúde na escola”

Neste programa trabállase ao longo de cinco sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica e participativa co alumnado que cursa 5º e 6º curso de Educación Primaria. O seu obxectivo é o de influír sobre as crenzas e actitudes dos escolares ante as drogas, sobre as intencións de consumo futuras e sobre os hábitos de consumo.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Saúde

- Hábitos saudables: nenos e nenas

Módulo II: Convivencia: casa, centro escolar, comunidade

- Digo, dis, din!
- Sentes algo? Que é? Que facemos?
- Grupo de iguais: Quen decide? Como se decide?
- Tempo libre e tempo de ocio

Módulo III: Malos rolos, drogas legais

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de Cambre

CEIP Gonzalo Torrente Ballester

Participan 27 alumnos e alumnas que cursan 5º Educación Primaria

CEIP Portofaro

Participan 57 alumnos e alumnas que 6º Educación Primaria

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 84 ao longo do ano 2015

6.2.2. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

6.2.2.1. “Habilidades Sociais I“

Neste programa trabállase ao longo de cinco sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa Educación Secundaria Obrigatoria co obxectivo de fortalecer as súas habilidades sociais para favorecer unha boa convivencia.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Coñecéndonos a nos mesmos e aos outros

Módulo II: Como me relaciono? E os outros?

- Cales son os teus valores?
- Saber falar – saber escoitar

  A mirada, os xestos...

  Escoita activa

  Estilos de comunicación
- Manexar tensións e afrontar conflitos: que fas? que podes facer?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015:

Concello de A Coruña

Centro de Reeducación Concepción Arenal

Participan 8 alumnos e alumnas de este centro

Colexio Dominicos

Participan 50 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

Colexio Eirís

Participan 31 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

Colexio Salesianos

Participan 54 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Adormideras

Participan 31 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Agra do Orzán

Participan 117 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Eusebio da Guarda

Participan 116 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Monelos

Participan 121 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 81 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Sardiñeira

Participan 124 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Urbano Lugrís

Participan 21 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

IES Zalaeta

Participan 84 alumnos e alumnas que cursan 1º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 838 ao longo do ano 2015

6.2.2.2. “Habilidades Sociais II“

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa Educación Secundaria Obrigatoria e que desenrolou con anterioridade o programa “Habilidades sociais I” co obxectivo de facilitar unha interacción adecuada en diferentes contextos sociais.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Unha mirada … unha palabra

- Cara a se mesmo e cara aos outros
- As emocións das palabras

Módulo II: As relacións con outros e outras …

- Cumpridos e críticas: dar e recibir
- Un primeiro paso e os seguintes ata o final
- Decido: como o fago?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015:

Concello de A Coruña

Colexio Salesianos

Participan 61 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Adormideras

Participan 25 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Agra do Orzán

Participan 82 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Elviña

Participan 56 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Eusebio da Guarda

Participan 139 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Monelos

Participan 57 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Monte das Moas

Participan 43 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Puga Ramón

Participan 159 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

IES Sardiñeira

Participan 99 alumnos e alumnas que cursan 2º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 721 ao longo do ano 2015

6.2.2.3. "Non pasa nada, pasa algo?"

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica e participativa co alumnado que cursa 4º da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria). Os seus obxectivos son previr o inicio e mantemento do consumo de drogas, promover a adopción de estilos de vida saudables entre os mozos e mozas que permanecen vinculados ao sistema educativo e fortalecer a integración do alumnado con condutas de risco no sistema educativo.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Saúde: prevención do consumo de drogas

Módulo II: Relacións

- Coñecéndonos a nos mesmos e aos/as outros/as
- Como me relaciono? E os outros/as? Tempo libre? Necesitas "muletas"?

Módulo III: Drogas

- Consumos socialmente aceptados
- Outros consumos

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

Colexio Luis Vives

Participan 18 alumnos e alumnas que cursan 4º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 18 ao longo do ano 2015

6.2.2.4. "Odisea"

Neste programa traballase ao longo de tres sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica e participativa co alumnado que cursa Formación Profesional Básica. O seu obxectivo é xerar unha actitude crítica no alumnado acerca da súa postura como individuo e como grupo no modo de ser mozo ou moza, incidindo nos plantexamentos e ideas acerca do consumo de drogas e da posta en práctica de habilidades sociais adecuadas.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Que é ser mozo ou moza hoxe? Quen decide o teu modo de ser?

Modulo II: As relacións cos outros … familia, escola, sociedade …

- Un primeiro paso e os seguintes

  Saber falar, saber escoitar

  Que tes que dicir?

- Toma de decisións … e ti, que estás facendo?

  Espazos e tempos

  Necesitas "muletas"? Consumos socialmente aceptados e outros consumos

- Xordiu un problema, que fago?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

CIFP Someso

Participan 26 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 26 ao longo do ano 2015

6.2.2.6. "Afectividade e sexualidade saudable"

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora de forma dinámica y participativa co alumnado que cursa Segundo Ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria. O seu obxectivo é xerar unha actitude crítica no alumnado acerca da súa postura como individuo e como grupo no modo de ser mozo e moza que a sociedade transmite, incidindo especialmente nos plantexamentos e ideas acerca da sexualidade.

Desenvólvese en varios módulos:

Módulo I: Que é ser mozo ou moza hoxe? Quen decide o teu modo de ser?

Modulo II: Que é a sexualidade?

- Atracción sexual - namoramento - afectividade
- Modelos de beleza e estética dominante: como o ves? como o ven?
- Estereotipos de xénero: nin están todos os que son … nin son todas as que están
- Tempo de ocio

Modulo III: Que información solicitan? Que queren saber? É posible sabelo todo?

- Sexo sen riscos: enfermidades de transmisión sexual, métodos anticonceptivos, SIDA
- Despois da información, que?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

CIFP Paseo das Pontes

Participan 15 alumnos e alumnas que cursan Formación Profesional Básica

IES Fene

Participan 20 alumnos e alumnas que cursan 4º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 35 ao longo do ano 2015

6.3. ÁMBITO XUVENIL.

6.3.1. Activa: Formación de Mediadores xuveniles en prevención de drogodependenzas

É un programa dinámico e práctico dirixido a mozos e mozas entre 18 y 29 años. Desenvólvese ao longo de varias sesións cun total de vinte horas dirixidas por unha mediadora. Ten como obxectivo promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre na mocidade, favorecendo entre os asistentes as condutas de liderado positivo en relación ao non consumo de drogas en grupo e a reducir a conflitividade na rúa derivada do consumo de drogas por mozos e mozas.

Consta dos seguintes módulos:

Modulo I: Drogas e drogodependenzas. Realidade actual dos mozos e mozas

- Europa – España - Galicia
- Conceptos básicos
- Mitos e realidades

Modulo II: O mediador ou mediadora xuvenil e a prevención

- Mediador ou mediadora xuvenil: rol e funciones. Dinamizar á xuventude
- Prevención
    - Factores de protección e factores de risco
    - Estratexias en prevención: individuais e grupais
    - Ocio e tempo libre

Modulo III: Recursos e direccións de interés

Relación de talleres realizados no ano 2015:

Concello de A Coruña

Centro López y Vicuña

Participan 27 mozos e mozas que cursan Ciclos Formativos

O número de mozos e mozas que participou no programa foi de 27 ao longo do ano 2015

6.3.2. "Cambio de sentido"

O programa desenvólvese en Autoescolas ao longo de dúas sesións dirixidas por unha mediadora. Ten como obxectivos:

- sensibilizar aos responsables das autoescolas da conveniencia de levar a cabo programas de prevención para mellorar a información do alumnado en relación aos riscos asociados a condución de vehículos baixo os efectos do consumo de alcohol e outras drogas,
- promover actitudes e condutas máis seguras e responsables na condución de vehículos, baseadas en evitar o consumo de alcohol e outras drogas, no respecto ás taxas de alcoholemia, no uso de cintos de seguridade e en evitar conducir ante o menor síntoma de sono ou cansazo.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Módulo I: Introdución á seguridade viaria, o alcohol e outras drogas

- Descrición da situación actual
- A ilusión de invulnerabilidade
- Uso – abuso

Modulo II: Alcohol e condución

- Cómo actuar ante …

Relación de talleres realizados en el año 2014:

Concello de A Coruña

Participan 9 alumnos e alumnas da Autoescuela Marte

O número de participantes foi de 9 ao longo do ano 2015

7. ÁREA DE XESTIÓN DE CONFLITOS

As intervencións divídense en dous ámbitos;

7.1 Ámbito familiar

7.2 Ámbito escolar

7.2.1. Habilidades para a xestión de conflitos

7.2.2. Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado

7.1. ÁMBITO FAMILIAR

Dirixida a asesorar na xestión de conflitos no ámbito familiar abordándose, entre outras, as seguintes cuestións:

- O conflito no seno das relacións familiares.
- A responsabilidade na convivencia.
- Os recursos e ferramentas para facer fronte a determinadas situacións conflitivas en diferentes momentos da vida: consumo de drogas, violencia familiar, conflitos xeracionais, etc.

7.2. ÁMBITO ESCOLAR

7.2.1. Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Formativos

7.2.1. "Xestión de conflitos I"

Neste programa, ao longo de seis sesións dirixidas por un mediador, trabállase cos alumnos e alumnas de forma dinámica e facendo uso de tecnoloxía multimedia co obxectivo de favorecer as habilidades e recursos necesarios para xestionar os conflitos de forma construtiva, dende o diálogo e a cooperación.

Está composto polos seguintes módulos:

Módulo I: Os conflitos...

- oportunidades? riscos?
- están todos os que son? son todos os que están?
- agresividade? agresión? violencia?
- As diferenzas:

  xénero, cultura, relixión, razas...

estereotipos, prexuízos, tópicos,

- Como afrontan as túas compañeiras os conflitos? E ti?

  O silencio e unha maneira?

  Eu gaño – ti gañas?, eu gaño – ti perdes?,...

Módulo II: Como xestionan os conflitos as túas compañeiras? E ti?

- Comunícaste...

  Cando un fala, ti escoitas? E os outros?

  Que preguntas? como preguntas?...

  Os xestos, posturas, miradas... que che din?

  Que percibes? que perciben os outros/as?

  Emocións e sentimentos, ¿Qué facemos con eles?

- Pos en marcha a túa creatividade o polo contrario …

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

Centro de Reeducación Concepción Arenal

Participan 8 alumnos e alumnas de este Centro

Colexio Eirís

Participan 39 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Adormideras

Participan 40 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Agra do Orzán

Participan 92 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Fernando Wirtz

Participan 69 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO e Formación Profesional Básica

IES Monelos

Participan 82 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Monte das Moas

Participan 141 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 75 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

IES Sardiñeira

Participan 92 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 638 ao longo do ano 2015

7.2.2. “Xestión de conflitos II”

Neste programa trabállase ao longo de catro sesións dirixidas por unha mediadora co alumnado que cursa Educación Secundaria Obrigatoria e que desenrolaron con anterioridade o programa “Xestión de conflitos I”. O obxectivo é practicar as competencias adecuadas para xestionar os conflitos de forma construtiva.

Desenvólvese en tres módulos:

Modulo I: Conflitos: o outro é diferente

- Estereotipos y prexuízos
- Xénero y cultura

Modulo II: Un antes – un despois: proceso

- Sentimentos e emocións
- E agora … que fas? Como o fas?

Modulo III: Búsqueda de alternativas

- Acordos entre as partes
- Outras formas: mediación

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

Colexio Eiris

Participan 31 alumnos e alumnas que cursan 4º da ESO

IES Adormideras

Participan 34 alumnos e alumnas que cursan 4º da ESO

IES Agra do Orzán

Participan 65 alumnos e alumnas que cursan 4º da ESO

IES Monelos

Participan 53 alumnos e alumnas que cursan 4º da ESO

IES Monte das Moas

Participan 74 alumnos e alumnas que cursan 4º da ESO

IES Otero Pedrayo

Participan 36 alumnos e alumnas que cursan 3º da ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 293 ao longo do ano 2015

7.2.3. “Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar dirixido ao alumnado”

Ao longo de varias sesións, dirixidas por unha mediadora, trabállase co alumnado de forma grupal co obxectivo de dotarlles dos recursos, técnicas e estratexias básicas para mediar en conflitos e no seu caso formar parte de “Equipos de mediación en conflitos” no ámbito escolar.

Desenvólvese a través dos seguintes módulos:

Módulo I: Os conflitos...

- Oportunidades? Riscos?
- Que pasou? cando os “abres” encóntraste...

  Son todos iguais?

  Houbo un principio? e... en qué momento estamos?

  Están todas as que son? Son todas as que están?
- Cómo afrontan os teus compañeiros/as os conflitos? E ti? O silencio é unha maneira?

Módulo II: Mediación escolar...

- Que é? Cómo se fai?
- Con quen contamos?

Módulo III: Alumnado? Un mediador escolar?

- Participar na realidade do centro, relacionarnos?
- Que se necesita? Que necesitas ti?
- Escoitas? Preguntas? ¿Deixas que cho conten?

Relación de talleres desenvolvidos no ano 2015

Concello de A Coruña

IES Elviña

Participan 15 alumnos e alumnas que cursan 4º ESO

O número de alumnos e alumnas que participaron neste programa foi de 15 ao longo do ano 2015

8. GRÁFICOS

A continuación preséntanse os datos dos últimos catro anos relativos ao ámbito escolar y familiar

Gráfico 1: Número de aulas que participan nos programas de prevención



Gráfico 2. Número de alumnos e alumnas que participan nos programas de prevención



Gráfico 3. Número de familias atendidas.



Gráfico 4. Número de citas familiares.



9. ÁREA DE FORMACIÓN E INVESTIGACIÓN

ADAFAD é unha Asociación preocupada pola Formación do seu equipo de traballo e das mediadoras que colaboran con ela. Así mesmo da resposta á demanda dos/as profesionais que están interesados no traballo con familias.

Ao longo do ano 2015 desenvólvense diversas accións dentro do programa de formación e investigación:

"Grupos de traballo. Servizos sociais – Adafad: traballando con familias"

Ten como obxecto a colaboración entre profesionais dos Servizos sociais do Concello da Coruña e profesionais de Adafad na formación específica do traballo que se realiza con familias, analizando e valorando a pertinencia da intervención que se desenvolve.

No ano 2015 están en funcionamento dous grupos de traballo:

- O primero grupo, que continúa traballando desde o seu inicio no ano 2013, fórmano un total de 9 profesionais e desenvólvense ao longo do ano 2015 un total de 7 sesións de traballo.
- O segundo constitúese no ano 2015 formado por 10 profesionais e desenvólvense 7 sesións de traballo.

"Xestión e mediación de conflitos no ámbito escolar"

O programa diríxese a profesionais do ámbito educativo co obxectivo de sensibilizar e promover a mediación como ferramenta útil para mellorar a convivencia, facilitando un recurso máis ao servizo dun modelo de convivencia pacifico no Centro escolar.

Desenvólvese nos seguintes módulos:
Módulo I: Convivencia escolar: a mediación en conflitos como ferramenta
Módulo II: Equipos de mediacion en conflitos

Concello de A Coruña
IES Elviña
Participan 8 profesionais do ámbito educativo
O numero de docentes participantes foi de 8 ao longo do ano 2015

“Métodos e técnicas de intervención social: Acoso escolar. Bullying”

O programa diríxese a profesionais do ámbito dos servizos sociais co obxectivo de transmitir os contidos necesarios para que os asistentes estean en condicións de identificar e abordar situacións de acoso escolar.

Desenvólvese nos seguintes módulos:

Modulo I: Panorama actual: Europa – España - Galicia

Modulo II: Identificación do acoso escolar

- Contextualización: definición e criterios
- Tipos e consecuencias. Tratamento da diferenza

Modulo III: Servizos sociais comunitarios: detección e abordaxe do proceso

- Primeiros indicios
- Intervención

Modulo IV: Estratexias de intervención

Modulo V: Pautas legais

Relación de talleres realizados no ano 2015:

Concello de A Coruña

Centro Cívico San Diego

Participan 14 profesionais do ámbito socio-educativo e policial do Concello de A Coruña

O número de participantes foi de 14 ao longo do ano 2015

Formación de Mediadores Sociais en prevención

Este programa é desenvolvido por unha profesional ao longo de seis sesións co obxectivo de mellorar os coñecementos dos asistentes para a posta en marcha de intervencións preventivas, posibilitando a súa execución en diferentes ámbitos e estimulando a súa implicación activa no desenvolvemento de programas preventivos.

Componse dos seguintes módulos:

Modulo I: Mediadores e mediadoras sociais. Unha peza clave para a prevención.

- Marco xeral da prevención.
- Áreas de intervención dos mediadores sociais.

Modulo II: Drogas e drogodependenzas. Realidade actual dos mozos e mozas.

- Europa – España – Galicia.
- Conceptos básicos.
- Factores de protección. Factores de risco.

Modulo III: Mediador social: que podo facer?

- Habilidades e recursos.
- Actuacións en prevención: individual e grupal.

Modulo IV: Programas e recursos de prevención.

Relación de talleres realizados en el año 2015:

Concello de A Coruña

Participan 8 profesionais que desenrolan a súa labor en diferentes entidades sociais

O número de participantes foi de 8 ao longo do ano 2015

No **ámbito interno** da Asociación traballáronse e expuxéronse distintos temas:

25 de maio "Drogodependenzas e medidas alternativas na prisión".

3 de agosto "Acoso escolar"

No **ámbito externo** realizouse a seguinte formación:

14 de xaneiro – 3 de xuño. Seminario "Actualización sobre a patoloxía do sono" dentro do programa de Formación Continuada do Servizo de Psiquiatría do Hospital Marítimo de Oza. A Coruña

9 de abril, Presentación "TDAH: Falar co corpo" de J. Ramón Ubieto. Biblioteca Miguel González Garcés, A Coruña.

24 e 25 de abril. Xornada "Atención e aprendizaxe". Attendere. Fundación Paideia, A Coruña

8 e 9 de maio. XIX Xornada del ICF O psicoanálise hoxe: " A infancia esquezida". Fundación Paideia. A Coruña.

2 de outubro. Xornada "25 anos de prevención". Asociación antidroga Renacer. Centro cultural Manuel Lustres Rivas, Ribeira.

- Participación na Mesa coloquio: "O que fomos e o que somos"

15 de outubro. "Claves para o uso responsable de internet e as novas tecnoloxías entre os adolescentes". Escola Galega de Administración Sanitaria, FEGAS, Santiago de Compostela.

10. ÁREA DE RELACIÓNS EXTERNAS

Relacións Externas

- ADAFAD é membro da Unión Española de Asociacións e Entidades de Atención ao Drogodependente, UNAD.
- Asistencia ao Acto de presentación "Smart City". A Coruña
- Xornada Informativa Proxecto "AdicciON/OFF". Concello de Culleredo
- Leváronse a cabo reunións de divulgación e promoción das actividades da Asociación con profesionais de diversas entidades e recursos da provincia de A Coruña.
- Convenio de colaboración apra a realizacion do Prácticum do alumnado da Facultade de Psicoloxía, entre a Asociacion Adafad e a Universidade de Santiago de Compostela.

O día 11 de Decembro de 2015 o Club de los Leones "A Coruña - Teresa Herrera" otorgó a Dona Emilia Gómez Rodríguez o premio Melvin Jones Internacional 2015, recoñecendo o seu compromiso solidario e humanitario ao longo dos anos.

Medios de Comunicación:

Prensa escrita:

22 de febreiro: "La Voz de Galicia". Entrevista a Dona Alicia Arce González . Directora de Adafad

Prensa Audiovisual:

12 abril. Radio Coruña. El Coruñes Opina. "O debate. O consumo de alcohol na xuventude"

22 novembro. Radio Coruña. El Coruñés Opina. "Violencia de xénero"

3 decembro. Radio Culleredo. "Culleredo enCLAVEsocial"

11. COLABORACIÓNS

ADAFAD contou durante o ano 2015 ca colaboración de diversos organismos públicos para o desenvolvemento das súas actividades: Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación; Deputación Provincial de A Coruña; Concellos de A Coruña, Cambre y Culleredo, IES Fene. Así mesmo colaborou a empresa privada Fergo Galicia, s.l. Tamén se contou ca colaboración dea Unión de Asociacións e Entidades de atención al drogodependente, UNAD.